

**PROGRAMA DA**  
**XXXIX FESTA GASTRONÓMICA DO SALMÓN**

**DÍA 11 DE MAIO**

Comezo do concurso de tapas de salmón polos bares e restaurantes da Estrada

**DÍA 12 DE MAIO**

Comezo do concurso internacional de pesca do Salmón no Ulla nos coutos do Couso, Sinde e Ximonde.

Actividades deportivas Únete a Volta.  
Praza do Concello

**DÍA 13 DE MAIO**

**F**finalización do concurso internacional de pesca do Salmón no Ulla nos coutos do Couso, Sinde e Ximonde.

**DÍA 16 DE MAIO**

Manifesto de homenaxe á lingua galega  
“1.000 Festas máis para a lingua galega”

**DÍA 17 DE MAIO**

Ruta das letras  
(organiza A.C. A Fervenza de Ouzande),  
saída diante da igrexa de Ouzande ás 9:30 h  
Ofrenda floral diante do monumento  
de Marcial Valladares ás 12:00 hs  
Teatro Infantil “Un día de formiga”  
no Teatro Principal ás 12:30 hs

**DÍA 18 DE MAIO**

Titerehop, obradoiro xuvenil de Títeres e hip hop.  
Teatro Principal  
Finalización do concurso de tapas  
e entrega de premios  
Cea-gala servida polos restaurantes Nixon,  
Sala Gradín, Don Juan e Sanamá.  
Na carpa sita na Praza do Concello  
Entrega de premios do concurso internacional  
de pesca do Salmón.  
Entrega da salmoneira de prata a  
un hosteleiro destacado  
por parte dos compañeiros do gremio.

**DÍA 19 DE MAIO**

Feira de Artesanía. Xardíns mpais  
Concerto de pop-rock de tres grupos locais.  
Teatro Principal ás 23 hs  
Feira de xogos para os máis cativos.  
Xardíns Mpais  
Ciclismo campionato galego de fondo.  
Polas rúas da Estrada

**DÍA 20 DE MAIO**

XVI ruta ciclista do salmón en BTT  
Pregón a cargo de Miguel Piñeiro, experto en pesca.  
Teatro Principal ás 12 hs  
Entrega do Salmón de Ouro a Jesús Vázquez Abad e  
a Manuel Luís Sanmartín Durán,  
catedrático en parasitoxía pola  
Universidade de Santiago de Compostela,  
e natural da Somoza. Teatro Principal ás 12 hs  
Degustación popular na carpa  
Feira de Artesanía. Xardíns Mpais  
Feira de xogos para os máis cativos.  
xardíns Mpais  
Concerto da Coral. Teatro Principal ás 20 hs  
Concentración motos Harley Davidson

**DÍA 25 DE MAIO**

Presentación do poemario de Xosé Luna  
“O Sol Rebulideiro”.  
No MOME ás 19 hs



SAÚDA PARA A XXXIX FESTA DO SALMÓN

É un auténtico privilexio para min, coma alcalde e coma estradense, dar a benvinda a unha nova edición da Festa do Salmón.

Cando unha festa acada a súa XXXIX edición é un sinal inequívoco do arraigo que esta posúe entre a poboación. A Estrada leva trinta e nove anos festexando a excelencia deste peixe, trinta e nove anos loitando polo recoñecemento dunha festividade que constitúe parte importante da súa cultura, da súa historia e tradición. Unha parada obrigada, xa que logo, no amplo calendario de festas gastronómicas de Galicia.

Ano tras ano, esta benquerida vila nosa, ademais de obsequiar ao visitante con paisaxes únicas que tanto eloxiaron autores da talla de Cunheiro, Neira Vilas ou Marcial Valladares, saúda a volta do seu peixe rei, nun ritual de alcance ancestral. Unha tradición que aúna gastronomía e natureza, colmando as apetencias dos máis exquisitos padais.

Ese esforzado traballo de varias xeracións e distintas comisións organizadoras ten acadado xa o mellor e maior dos froitos: que esta festa gastronómica sexa hoxe recoñecida a nivel nacional e autonómico como un verdadeiro elemento de promoción turística da vila. A evidencia de que as nosas tradicións poden converterse, tamén, nun factor de desenvolvemento económico.

Agardamos que a programación gastronómica, cultural e deportiva que temos preparado sexa do voso agrado. Animámosvos dende o Concello a que saíades á rúa para disfrutar de tan entrañable festividade na certeza de que para ser algo no conxunto da globalidade, lonxe de renunciar aos nosos sinais de identidade, o que temos que facer, tanto veciños coma rexedores, é tratar de potenciais.

Agradecer para rematar, dende estas liñas, a todos os restauradores estradenses, e a todos cantos colaboran na preparación deste evento, o seu renovado esforzo. Agora, ás portas dunha nova edición da festa, cómpre, como diría o poeta: "Que cale o home e fale a natureza: o salmón."

Disfrutemos desta festa coma se merece, pois! E como di o lema do cartel da presente edición: Salmónicémonos todos!



DEPUTACIÓN DE  
PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

20 Maio  
2012